

A INTERPRETACIÓN EN GALIZA: UNHA PROFESIÓN EMERXENTE

Luis Alonso Bacigalupe, Susana Cruces Colado
e Sylvie Mascuñán Tolón
Universidade de Vigo

Resumo

Dez anos despois da implantación da Licenciatura de Tradución e Interpretación (T/I) na Universidade de Vigo, pensamos que chegou o momento de facer un primeiro balance. Tendo en conta que a interpretación é a grande descoñecida mesmo no propio ámbito universitario, comezaremos por definir a interpretación en tanto que institución social, para seguir coa descrición do papel do intérprete. Despois comentaremos as distintas técnicas e ámbitos da interpretación, coa intención de subliñar a estreita relación que esta mantén co mercado laboral, e remataremos cunha breve descrición sobre as oportunidades laborais que ofrece esta profesión, tanto sobre as xa explotadas coma sobre as que aínda non foron obxecto de atención por diferentes razóns. Agardamos que con esta exposición se tome conciencia, tanto no ámbito académico coma no extraacadémico, da importancia desta especialidade e se consiga que as grandilocuentes e a miúdo baleiras apelacións á colaboración entre a sociedade e a universidade se transformen en iniciativas auténticas e concretas. Se a universidade quere de verdade tender pontes cara á sociedade e cubrir as súas demandas de profesionais debería deixar de empregar criterios exclusivamente economicistas e escoitar esta chamada dunha profesión que desempeña un papel tan importante na comunicación entre os pobos, as culturas e os profesionais de calquera campo do máis alto nivel.

Abstract

Ten years ago the University of Vigo (Galiza-Spain) introduced a Degree in Translation and Interpreting. It is now high time to take stock of the current situation. Since interpreting is particularly unknown –even to the university community– we will start by defining interpreting as a social institution and will discuss the interpreter’s role. Then we will review the different interpreting techniques and working environments for interpreters, and will underscore the close relationship between this discipline and the labour market. Finally, we will briefly describe the labour opportunities for interpreters, those already explored and others that for different reasons have not yet been exploited. It is our hope that we will help understand, both inside and outside university, why the interpreting studies deserve careful attention. Only then

will the often empty appeals to cooperation between our universities and society be transformed into concrete initiatives. If universities truly intend to bridge the gap that exists with society and meet the demand for trained professionals certain exclusively economic arguments should be abandoned. That is the claim of a profession that plays such an important part in establishing communication between peoples, cultures and professionals of all fields and all levels.

1. A tradución e a interpretación como proceso de negociación do significado e como institución social

A interpretación de linguas é un proceso comunicativo complexo consistente na retransmisión dun enunciado oral nun idioma distinto ao orixinal e nunha situación específica coa presenza dos distintos intervenientes neste proceso.

A primeira definición da misión da interpretación foi enunciada por Herbert (1952, p. 3):

La mission de l'interprète est d'aider les individus et les communautés à avoir une meilleure connaissance et compréhension de l'autre, et ce qui est encore plus important, le plus grand respect de l'autre. L'interprète, toujours conscient de sa mission, doit savoir que son travail est indispensable à toute réunion internationale.

Partindo da idea segundo a cal o significado dun texto ou discurso inclúe (1) o que se di explicitamente no texto, (2) o que se di implicitamente no texto, (3) os factores situacionais que rodean a produción e a recepción dese texto, (4) o coñecemento enciclopédico de quen o produce e de quen o recibe e (5) unha forte compoñente psicolóxica individual, é dicir, as experiencias vitais de alto contido emocional e, polo tanto, persoais e irrepetíbeis tanto do autor como do receptor, teremos que chegar necesariamente á conclusión de que non existe nunca un único significado no texto producido, senón que existen moitos posibles significados que han variar en función dos distintos condicionantes.

Quian (1992, p. 214-221) analiza o papel da interpretación dentro da comunicación e define a interpretación como unha forma de comunicación oral en contornos lingüísticos e culturais distintos. Sendo a comunicación un proceso no que a información circula entre participantes que queren chegar a un entendemento mutuo, o intérprete intervén directamente nel. Este proceso de comunicación consiste nunha serie de ciclos converxentes de intercambio de información no que os emisores lles envían mensaxes aos receptores, intercambiando estes papeis en cada un dos ciclos. O proceso iníciase enviando a mensaxe durante un acto de comunicación. Unha vez captada a mensaxe, o receptor responde mediante un *feed-back*, unha reacción que lle envía á fonte da información recibida. Polo tanto, o ciclo de comunicación queda completado

cando os participantes no acto de comunicación desenvolven ambos papeis de emisores e receptores.

Cando o acto de comunicación se realiza nunha soa lingua, podémola denominar comunicación monolingüe, pero se os participantes non comparten a lingua, o ciclo comunicativo queda incompleto e polo tanto faise necesaria a presenza dunha persoa coñecedora de ambas as dúas linguas para poder completar o ciclo, e dese modo chegar de novo ao *converging cycles of information exchange*.

Esa mesma idea é a que manifesta Nord, o discurso “complétase” só cando o comprende o receptor:

As a product of the author's intention, the text remains provisional until it is received by its recipient. It is the reception that completes the communicative situation and defines the function of the text: the text as a communicative act is “completed” by the recipient (Nord 1991, p. 16).

Así, posto que admitimos que o proceso de T/I non é un proceso de simple transferencia lingüística senón de comunicación intercultural, froito do cal mesmo está aparecendo unha nova modalidade de textos (e discursos) híbridos, parece razoable pensar que serán as distintas sociedades-culturas as encargadas de aceptar ou rexeitar o que se lles ofrece como traducións. A ‘negociación’ adquire novos matices, posto que presenta un carácter intercultural, e a tradución convértese así nunha institución social.

Por exemplo, Zauberga comenta que existen unhas normas específicas para algunhas sociedades determinadas, como a lituana, que por unhas cuestións puramente histórico-culturais deciden un enfoque determinado sobre o que debe ser unha tradución. Non é este senón un exemplo real das ideas de Toury (1995), no sentido de que unha tradución é aquilo que cada sociedade decide que debe ser, e demostra que a aproximación descritivista deste autor non é, simplemente, unha abstracción teórica:

In Latvian, faithfulness to the ST as an approach that enhances cultural and linguistic differences still remains the dominant strategy. The closer the translation to the original, the more vivid the ST imprint. Accordingly, the majority of Latvian translations contain a great number of hybrid features which, however, does not mean that they infringe the TL cultural norms. The general level of acceptance of foreignising strategies has been historically and socially conditioned (Zauberga 1997, p. 335).

En calquera caso, na interpretación a cuestión é máis complexa, porque os distintos contextos comunicativos e laborais presentan esixencias concretas en

cada caso. Por exemplo, en interpretación social as expectativas dos usuarios da interpretación non son as mesmas que as dos participantes nun congreso internacional. Como comenta Pöchhacker (2003, p. 112-113) estes últimos comparten unhas amplas convencións culturais aínda que procedan de culturas distintas, mentres que na interpretación social, hai unha clara situación de desnivel entre os interlocutores que non comparten por tanto nin estatus, nin coñecementos. Disto derívase que as esixencias para cada contorno de traballo son diferentes, tanto dende o punto de vista da técnica empregada coma do da valoración social que recibe esta tarefa e, polo tanto, a aprendizaxe de cada variedade de interpretación que se practica no mercado é igualmente concreta e require do desenvolvemento de diferentes habilidades.

A interpretación convértese deste xeito nunha profesión emerxente, altamente especializada e moi demandada nas sociedades actuais nas que se multiplican as reunións ou encontros con participantes de distintas linguas e/ou culturas.

2. A función do intérprete

Masaomi Kondo aborda a cuestión do papel do intérprete e pregunta ¿que debe ser o intérprete, tradutor ou mediador cultural? A resposta parece ser clara:

One point of debate is whether the interpreter should be a cultural mediator or a more neutral, pure language transmitter. The general view tends to be that the interpreter should aspire to be a cultural mediator rather than a mere “mouthpiece” for the actual speaker (Kondo 1997, p. 150).

A función do intérprete é, logo, a dun mediador intercultural coa encomenda de adaptar o TO (texto orixinal) ás expectativas, é dicir, ao que se considera adecuado nun caso de tradución, dos integrantes da CT (cultura de chegada). En palabras de Helle Dam:

If the ideal function of the interpreter is to ensure smooth communication between the primary parties, then his role is to remedy this potential *cultural noise* on the channel by adjusting the culturally determined peculiarities of the source text to the culturally determined expectations of the receiver (Kirchhoff 1976, p. 24). Thus, the ideal role of the interpreter is to serve not only as a linguistic but also as a cultural mediator (Dam 1997, p. 158).

Segundo Setton, referíndose ao papel que debe desempeñar o intérprete na comunicación intercultural:

Here the interpreter's competence refers not just to the linguistic ability to translate a text but more broadly to communicative competence, which he defines as the ability to recognise a full range of communicative intentions from surface signs in at least one source language and to realise expressive procedures for a range of intentions (meanings) in at least one target language. The widely accepted task of the interpreter of providing equivalent effect can thus be extended to embrace the intercultural plane (Setton 1997, p. 160).

Porén, nalgunhas situacións de interpretación específicas, como por exemplo na interpretación ante os tribunais, pode suceder que se lle pida ao intérprete que esqueza o seu papel como mediador cultural e que se lle esixa unha interpretación tan literal como sexa posible. Dende o punto de vista da fidelidade ao orixinal (entendida como respecto ás palabras alí pronunciadas), esta atinxe con este método o seu máximo nivel. Pero, tanto a funcionalidade do discurso en LT (lingua de chegada) coma os compoñentes culturais do discurso poden quedar convertidos nunha mestura informe de palabras incomprensibles para aqueles que non compartan a información cultural do orixinal.

3. Clasificación dos tipos de interpretación

Unha vez subliñada a importante función que desempeña a interpretación como institución social, cómpre neste apartado establecer unha clasificación que sirva para esclarecer cales son os distintos tipos de interpretacións. Para facelo empregamos aquí dous criterios: en primeiro lugar o criterio das técnicas de traballo, que se refire aos diferentes sistemas aplicados ou 'modos de traballar' empregados polo intérprete; en segundo lugar o criterio dos ámbitos ou contornos nos que se realizan as interpretacións, sobre a base das diferentes demandas sociais. Ambos os dous criterios teñen en común o parámetro da direccionalidade, que se refire á lingua cara á cal se interpreta: a interpretación da lingua estranxeira á lingua materna é unidireccional e directa: $B>A$, a interpretación $A>B$ é unidireccional inversa e a interpretación $A>B>A$ é directa e inversa, polo tanto bidireccional.

3.1. Técnicas

3.1.1. Interpretación Simultánea (IS). O intérprete fala (case) á vez que o orador dende unha cabina, é dicir, illado, e normalmente moito tempo na mesma dirección ($A>B$ ou $B>A$), aínda que de incluírmos aquí as quendas de preguntas e respostas que seguen unha conferencia, haberá que sinalar que a IS tamén pode consistir en intervencións curtas cara aos dous idiomas de traballo do intérprete, aínda que feitas dende a cabina de IS.

3.1.2. Interpretación Consecutiva (IC). O intérprete fala despois do orador orixinal. Normalmente trabállase moito tempo seguido nunha mesma dirección. Aquí tamén entra en xogo a posibilidade de quendas de preguntas cara ás dúas linguas de traballo con cambios rápidos de idioma.

3.1.3. Interpretación de Enlace (IE). É a coordinación dunha conversación *in situ*. Hai cambios rápidos dun idioma a outro en ambas direccións e a intervención do intérprete prodúcese inmediatamente despois de cada intervención dos interlocutores. O nivel de interacción é moi superior ao dos casos precedentes.

3.1.4. Tradución á Vista (TV). O intérprete ten o TO escrito que hai que interpretar segundo se vai lendo. Pódese facer á vez ou despois da súa lectura por parte do orador orixinal. Normalmente trabállase nunha soa dirección.

3.1.5. Chuchotage. Faise simultaneamente ao discurso orixinal, aínda que tamén pode facerse como un resumo do orixinal máis ou menos amplo, asemellándose a unha IC, aínda que non exactamente, xa que no se adoita agardar a que o orador interrompa ou finalice o seu discurso. Fálase en voz baixa ao oído duns poucos receptores, xunto aos que está situado o intérprete.

3.2. Ámbitos

Referímonos aquí aos distintos eidos onde se desenvolve habitualmente o traballo do intérprete. Pódense empregar distintas técnicas nun mesmo eido. Como se verá imos aproveitar este criterio para facer unha descrición exhaustiva dos máis habituais, tendo en conta que practicamente calquera situación comunicativa multilingüe pode requirir da presenza dun mediador.

3.2.1. Interpretación de conferencias

Trabállase no ámbito dunha conferencia, congreso, seminario, simposio, reunión, xornadas ou obradoiro internacional, ou en reunións dos grandes organismos internacionais. Normalmente interprétanse discursos de carácter formal e de longa duración.

Comme son nom l'indique, elle se pratique généralement en "conférence", c'est-à-dire en situation formelle structurée: participants autour d'une table, président de séance, règles de procédure etc.. Elle peut être simultanée ou consécutive (Thiéry 1981, p. 404).

Os participantes son dun estatus social e profesional semellante e comparten toda unha bagaxe cultural común ou diacultura (Pöchhacker 2003, p. 113).

O grao de interacción pode ser alto nos debates, aínda que normalmente, a atención se centra nos oradores ou panelistas invitados que levan o peso da comunicación, que basicamente se desenvolve dende o escenario cara á

audiencia. O número de participantes é moi variado (dende unhas poucas dúcias ata varios centos ou milleiros). As técnicas empregadas habitualmente son IS, IC, TV e *chuchotage*.

A interpretación de conferencias inclúe unha interminable lista de temas de traballo, dende cuestións altamente especializadas que precisan coñecementos terminolóxicos profundos no campo da medicina ou bioloxía, ata cuestións técnicas complexas como a enxeñería ou a arquitectura. Situamos tamén aquí os congresos e conferencias de carácter sociolóxico e institucional, é dicir, todo tipo de reunións organizadas polas grandes institucións das relacións internacionais.

O grande paradoxo deste traballo, especialmente no ámbito científico e tecnolóxico, radica fundamentalmente en que o intérprete é habitualmente o único dos participantes na comunicación que carece de coñecementos especializados profundos sobre o tema de traballo e, porén, é o que ten a encomenda de que se estableza a comunicación entre todos os demais.

Tradicionalmente este ámbito de traballo foi considerado o único que merecía ser denominado interpretación profesional. Nos últimos tempos esa situación cambiou substancialmente.

Por ser o tipo de interpretación mellor coñecido polo público en xeral non imos dedicarlle aquí máis espazo, e aproveitaremos para explicar con detalle as características dos tipos de interpretación menos coñecidos.

3.2.2. Interpretación para os medios de comunicación.

É un tipo de interpretación cada vez máis frecuente, posto que abundan os programas nos que se emprega este servizo. Ten características específicas que a definen como diferente da interpretación de conferencias (Kurz 1997, p. 196-198, 2003, p. 160-165), entre as que destacan as seguintes:

- (a) O contorno físico de traballo pode non ser moi axeitado, tendo que traballar nun estudo sen o illamento que ofrece unha cabina.
- (b) O intérprete non ten a posibilidade de ver directamente o orador, só a través dun monitor.
- (c) Non hai interacción posible co público. Ausencia total de *feedback*.
- (d) É un tipo de interpretación máis estresante ca noutros ámbitos polas seguintes razóns: (i) o son que recibe o intérprete durante unha transmisión vía satélite pode non ser de moi boa calidade; (ii) apenas existe a posibilidade de preparar materiais e estes son, en todo caso, moi variados; (iii) o intérprete non chega a acostumarse ao modo de falar dunha persoa concreta, posto que se traballa cos oradores durante moi breves períodos de tempo e (iv) pode aparecer o ‘medo escénico’ polo feito de seren conscientes de que hai milleiros de persoas escoitándoos.

- (e) Os usuarios esperan unha calidade de dición e fluidez similar á dos presentadores dos programas, sen decatarse de que a dificultade do seu traballo pode supor que, ás veces, non se poidan alcanzar eses niveis de produción.
- (f) O feito de que a voz do orixinal se siga escoitando, aínda que cun volume máis baixo, durante a produción do intérprete, significa que se poden detectar os seus posibles erros, o cal supón un factor estresante adicional.
- (g) Esíxese a sincronía entre o orixinal e a produción do intérprete. Tal e como comenta tamén Brigit Strolz (1996, p. 194):
 [...] media interpreters often work under conditions [...] such as:
 -working in front of monitors and not at the site of communication
 -therefore lacking direct view of the speaker and audience, a condition considered a serious disadvantage for the simultaneous interpreter
 -working in a studio instead of an isolated booth, often in the same room with moderators and technicians - thus being subject to all kinds of acoustic and visual inputs not required for information processing and potentially disturbing.

Ademais de todos estes factores que dificultan o traballo, a interpretación para os medios suscita o problema engadido de que se se interpreta unha entrevista na que se suceden preguntas e respostas, o requisito de sincronía (falar ao mesmo tempo que cada persoa concreta sen deixar apenas ningún *decalage* ou atraso e rematar ao mesmo tempo) agudízase para que non se cheguen a producir situacións confusas.

3.2.3. Interpretación no eido legal.

Dentro deste grupo incluímos o traballo de interpretación ante os tribunais e ante as instancias policiais. Nos tribunais trabállase en procedementos legais, quer como servizo que se presta aos non falantes da lingua dominante do país, quer en países oficialmente bilingües, nos que os falantes de ambas as dúas linguas oficiais teñen dereito a empregar a súa lingua materna en todos os ámbitos da esfera pública. Segundo Bodil Martinsen (1997, p. 198):

The court interpreter has to mediate communication between the court and the defendant or a witness who does not speak the language of the court. This communication can be characterized as interlingual, intercultural and intersocial communication

Holly Mikkelson describe con maior detalle o regulamento básico de traballo do intérprete nestes servizos:

Interpret accurately everything that is said in open court without embellishing, omitting or editing (including slang and vulgar language); 2. Disclose any actual or apparent conflict of interest; 3. Maintain the confidentiality of attorney-client communication; 4. Refrain from giving legal advice; 5. Maintain a professional relationship with all parties and strive for professional detachment; and 6. Engage in continuing education (Mikkelson 1991, p. 93).

As técnicas empregadas neste eido son normalmente a IC, a TV e *chuchotage* (Shlesinger 1991, p. 148; Mikkelson 1991, p. 94). Ademais en países multilingües como Canadá os tribunais teñen instalacións que permiten a técnica da IS.

É un ámbito de traballo que previsiblemente e por cuestións de transformacións sociais crecerá enormemente no futuro e presenta unhas características propias que o diferencian dos demais, entre as cales cabe destacar as seguintes:

- (a) En primeiro lugar, os xuíces, preocupados pola precisión das interpretacións requiren traducións dos enunciados case palabra por palabra (Nida 1993, p. 22), o cal non necesariamente ten que pór en perigo a comunicabilidade e comprensibilidade noutra lingua-cultura dos enunciados. Así Mikkelson (1991, p. 94) referíndose ao que significa o *verbatim requirement* comenta que:
[...] really means that the interpreter must provide an idiomatically correct target-language version, but must account for every single unit of meaning in the source-language statement, including hedges (“uh,” “well”, “um”, etc.) pauses and word fragments.
- (b) Imparcialidade. Sandra Hale (1997, p. 39-40) comenta que nin o requisito de literalidade no traballo do *court interpreter* nin a opción da intervención do intérprete como axente interesado na causa deben ser as maneiras de enfrontar a encomenda, senón que hai que buscar un punto medio en favor do que ela denomina unha “tradución pragmática”: a interpretación debe enfocarse dende unha perspectiva pragmática, realizándose unha acción a partir dunha intención determinada e en busca dun efecto tamén concreto. O papel do intérprete debe atopar o punto xusto de equilibrio no que se facilita a comunicación mediante a súa intervención reflexiva sobre ata onde pode participar activamente no intercambio, sen se converter nun intruso non desexado polas partes (Hale 1996).

- (c) A responsabilidade que supón o traballo neste eido, porque está en xogo moito máis que a “simple” comunicación intercultural. Esta responsabilidade leva unha carga adicional de estrés moi importante que provén da situación de tensión na que tamén se desenvolven os axentes do acto (Mikkelson 1991, p. 95).
- (d) Por outra banda, xorde a dificultade engadida de que na interpretación ante os tribunais é frecuente que o intérprete se enfrente a uns interlocutores cun rexistro de lingua completamente diferente. Así, os profesionais do ámbito legal móvense nun nivel de lingua moi alto, tal e como vén imposto pola súa propia xerga, mentres que as testemuñas ou acusados, que a miúdo son dun estatus sociocultural moi inferior, utilizan un rexistro moito máis baixo. Neste sentido aínda non está resolto o debate entre os que suxiren a opción de neutralizar e achegar rexistros (Hale 1997, p. 46) ou ben conservar a lingua de partida con todos os seus matices (Benhamida, 1988; González et al. 1991, p. 265).

Por último, paga a pena comentar outros dous aspectos esenciais do traballo neste ámbito. En primeiro lugar está a cuestión estratéxica imposta pola situación comunicativa (Hale 1996, p. 425). O intérprete debe ser consciente de que hai unha auténtica guerra dialéctica entre as partes, e de que el debe mediar nesa situación reflectindo as estratexias empregadas por cada unha delas. En segundo lugar, está a utilización do intérprete como chivo expiatorio (Mikkelson 1991, p. 95), outra estratexia sempre a man das partes en conflito que debe coñecer o intérprete e asumir como parte do seu traballo.

Incluimos tamén neste apartado a interpretación no Ministerio do Interior, cuxo ámbito de traballo é a Policía Xudicial, a Garda Civil e demais institucións análogas. Trabállase en IC, IE, TV e *chuchotage* entre ambas direccións. Segundo Gentile (1996, p. 91) as características definitorias deste tipo de traballo son o ambiente frío e impersoal da comisaría de policía e o feito de traballar cun “cliente” desorientado e asustado que só atopa unha man amiga neste proceso, que é a daquel con quen pode comunicarse. Pero as implicacións poden ser moito máis importantes. Así, por exemplo, a difícil posición de neutralidade que se lle supón ao intérprete nunha situación coma esta, na que pode detectar algunha contradición nas respostas dos interrogados que pasaría inadvertida de non a sinalar claramente: ¿Debe entón intervir en favor das autoridades ou debe manter o seu papel neutral e limitarse a traducir enunciados? Sen ofrecer unha resposta a este dilema, Wadensjö (1997) advértenos da necesidade de investigar detalladamente as súas implicacións:

But in practice these situations represent different systems of social activity. Police interrogation has some typical organisational principles of its own, basically tied to questioning techniques and strategies

of answering and avoiding answering. The interpreter-mediated interaction has yet other characteristic organisational features, which still remain to be systematically explored (Wadensjö 1997, p. 205).

Curiosamente, en España segundo os resultados (provisionais) do estudo de Ventín (1998), son estes os servizos máis frecuentemente prestados no marco máis xeral dos servizos públicos, o que nos dá unha idea de en que sentido se presta e a quen se lle presta o suposto servizo.

3.2.4. Interpretación diplomática

O ámbito fundamental no que se desenvolve é o Ministerio de Asuntos Exteriores pero tamén en calquera clase de relación internacional como visitas de xefes de estado, de ministros de diferentes países, etc. Empréganse todas as técnicas (IS, IC, IE, TV e chuchotage).

As entrevistas desenvólvense a miúdo entre dous persoeiros, contando cada un co seu propio intérprete, aínda que só un deles ten a tarefa da interpretación. Debe ter tacto para intervir por se o visitante quixese empregar a lingua do anfitrión, polo que o intérprete debe vixiar as expresións dos interlocutores no caso de que se perdesa parte da mensaxe.

3.2.5. Interpretación social

É a que se emprega nos servizos sociais como servizo público que se presta a unha minoría estranxeira ou autóctona que non fala a lingua dominante do país. A característica fundamental deste tipo de interpretación dende o punto de vista sociolóxico é que se realiza entre persoas que non están en igualdade de condicións, xa que un dos interlocutores pertence a unha minoría lingüístico-social, polo que existe un desequilibrio de poder e de control na relación establecida

Recibe diferentes denominacións, entre outras, interpretación comunitaria, para os servizos públicos, da conversación, do diálogo, etc. Helge Niska, ofrece unha explicación que nos vai achegando máis ao tema en cuestión:

Community interpreting situations are usually conversations between a client and an institutional representative. The parties have little or no common knowledge of each other or of what is being discussed, and it is most often the interpreter who, by virtue of his double cultural competence, can best understand the given situation. The parties are often unaccustomed to using interpreters and have different strategies for this (Niska 1995, p. 305).

A primeira das súas características esenciais refírese ás técnicas de interpretación utilizadas neste tipo de encomenda, que son, principalmente, a IE, aínda que tamén pode ser necesaria a TV e o chuchotage.

Con respecto ás habilidades que deben ser adquiridas de cara a este tipo de traballo, Corsellis fai fincapé no elemento cultural, así como no dominio dos diferentes rexistros (Corsellis 1988, p. 495), cuestión que tamén subliña Gentile (1996, p. 54).

A interpretación social é, xa que logo, un deses “novos” ámbitos de interpretación, unha de cuxas características máis importantes (aínda que non sexa compartida por todos os autores) sexa posiblemente a de que o intérprete no é só un mediador lingüístico de grupos que non comparten certas características, senón que se converte nun verdadeiro axente de comunicación intercultural e mesmo desempeña un labor próximo á do asistente social (Barsky 1996, p. 52). Shlesinger pronúnciase ao respecto:

The prevalent view of the commentate interpreter is of a professional who cannot be merely an ‘empty vessel’ translating words backwards and forwards –a kind of transparent ‘linguistic tube’... but must fill in information gaps, explain cultural differences and misunderstandings, explain the thinking of each side to the other side and guide both sides towards a successful conclusion (Shlesinger 1991, p. 147)

En boa medida é aí onde xorde a polémica sobre ata onde debe chegar a intervención do intérprete nesa situación de interacción, pregunta que se fixeron varios autores, dende Zimman (1994, p. 217-224) ata Wadensjö (1995, p. 115). Ao cabo as institucións –que ofrecen servizos públicos– moitas veces no queren entrar no perigoso xogo de que o intérprete explique máis do que é estrictamente necesario, tal e como comenta Robert Barsky (1996, p. 47) referíndose aos refuxiados en busca de asilo.

Á mesma reticencia dos servizos públicos xa se referira con anterioridade Corsellis, quen mencionaba que clase de intérpretes se ofrecían nalgúns deles:

there were too many areas where the school absentee levels were artificially high because small children of eight or nine were busy interpreting for their mothers in family planning clinics, lawyers, offices, housing departments and even in parent-teacher meetings about themselves (Corsellis 1988, p. 494).

Por non mencionar aqueles casos nos que a interpretación para unha muller vítima da violencia doméstica que acudía ao hospital facíaa o seu propio home, coa conseguinte falta de comunicación “auténtica” coa demandante do servizo (Ventín 1998).

Canto ás cuestións simplemente técnicas e de funcionamento do servizo, hai que subliñar a importancia do intérprete non só como transmisor dunha mensaxe, senón como coordinador da interacción: «The situation analysed

seems to touch the heart of the dialogue interpreter's dilemma, inherent in her normative role as faithful translator and formal coordinator» (Wadensjö. 1995, p. 126).

Debemos recordar que día a día aumentan os encargos de traballo neste ámbito, mesmo no local como sinala Ventín (1998) e que os propios servizos sociais estarían moi interesados na provisión institucionalizada dese tipo de servizos (Romero 2003).

Dentro deste ámbito podemos incluír a interpretación para as institucións sanitarias. As características diferenciadoras respecto do anterior limítanse a que é unha área na que o uso de terminoloxía médica especializada desempeña un papel esencial. Como comenta Gentile referíndose a un campo tan concreto como o da logopedia: «Interpreters must be aware of the finely grained way in which language is used in this field, and in particular of the continual diagnostic uses of language in a wide variety of technical situations» (Gentile 1996, p. 125).

Noutras áreas como os servizos psiquiátricos as dificultades poden alcanzar proporcións igualmente importantes, pois deben transmitirse absolutamente todas as compoñentes da mensaxe para que o psiquiatra coñeza a personalidade e os problemas (obsesións e medos) do paciente (Gentile 1996, p. 84).

Igualmente importante é o papel que un servizo deste tipo presta como factor integrador dos grupos socialmente máis desfavorecidos (Kakakios 1996, p. 981), de xeito que a interpretación nestes ámbitos ademais de ser un mero servizo profesional, posúe unha forte carga ideolóxica.

3.2.6. Negociacións comerciais

O seu uso queda circunscrito a reunións entre representantes de empresas de distintos países que negocian convenios ou acordos comerciais.

As técnicas empregadas habitualmente son: a TV, o *chuchotage* e, sobre todo, a IE, aínda que tamén pode utilizarse a IC cando, como comenta Ko (1996, p. 117) hai que facer unha presentación pública de resultados ante un grupo numeroso. Como apunta este mesmo autor:

the term [interpreting in the business setting] denotes two or more business people discussing business matters through an interpreter. Stereotypical examples include exporter/importer negotiations; discussion between the local head of a subsidiary company and the foreign owner of the company; and discussions between a local business person and an overseas consultant, perhaps on taxation, investment, industrial relations, import tariffs, etc. (Ko 1996, p. 116).

Nestes contornos de traballo, o intérprete convértese nunha peza esencial que non só interpreta, senón que, a miúdo, debe encargarse das relacións públicas

e doutras tarefas análogas (recepción de invitados no aeroporto, traslado ao hotel, etc.), converténdose no que Ko (1996, p. 117) chama un *cultural bridge*. Isto supón unha carga extra de horas de traballo moi importante.

Canto ao traballo en si do intérprete, caracterízase por:

- (a) un contido altamente especializado.
- (b) dificultade de preparación previa e imposibilidade de prever o curso da conversa.
- (c) interacción-negociación intensa e complexa.
- (d) necesidade dun coñecemento profundo das diferenzas culturais entre os interlocutores que poidan afectar o curso da conversación.

Por último, é de destacar a importancia da difícil relación entre intérprete e clientes, cando algún deles (quen o contrata) **prefende** utilizalo como axente ao seu servizo (Ko 1996, p. 121).

3.2.7. Intérprete acompañante

Consiste en asistir e acompañar visitantes que non falan a lingua do país, ben en visitas guiadas a fábricas ou empresas, ou ben en visitas de carácter máis informal. Normalmente emprégase a IC, o chuchotage e a IE (Bowen 1984, p. 8). O labor do intérprete acompañante pode ás veces coincidir coa do intérprete de negociacións comerciais, posto que a miúdo, ambas funcións se funden nun só individuo, aínda que outras veces se reserva a tarefa do acompañante a algún empregado da empresa, que asume provisionalmente a función de intérprete.

Non son estes os únicos ámbitos de traballo onde pode precisarse do servizo de intérpretes: a lista podería ser interminable ao incluír todos os ámbitos da vida social na que se produce a comunicación interlingüística e intercultural, é dicir, todas aquelas situacións onde se comuniquen falantes que non comparten unha mesma lingua. Por exemplo, abundan nos últimos tempos as presentacións de produtos ante a prensa (fármacos, cosmética e outros) nos que se require dun intérprete que faga unha IC da presentación máis unha IE na quenda de preguntas da prensa. Sen embargo son estes, cremos, os eidos máis frecuentes, aínda que o seu nivel de utilización no sexa homoxéneo en todos os países.

4. Oportunidades laborais no ámbito da interpretación

Á vista da descrición anterior pode observarse que son moitos os contornos laborais que demandan de profesionais da interpretación. En Galiza dende que se implantou a titulación de T/I na Universidade de Vigo, esas necesidades vanse cubrindo coas promocións que saen cada ano ao mercado. Porén, existe unha certa discrepancia entre as necesidades teóricas do mercado e as

reais, no sentido de que algúns dos supostos ámbitos arriba descritos no se dan no noso mercado local.

Hai que recoñecer que os servizos de interpretación son caros en xeral, o que supón que o factor económico é un dos principais determinantes á hora de decidir a contratación de servizos de interpretación e da técnica que se empregue. Non obstante, o descoñecemento de institucións e usuarios en xeral tamén repercuten negativamente no crecemento e consolidación da profesión.

Por outra banda, os mercados son moi diferentes e atópanse determinados por combinacións lingüísticas concretas en cada contorno específico así como de necesidades de especialización igualmente concretas, ben sexan temáticas ou de ámbitos laborais. Así, por exemplo, en Galiza, a cooficialidade de dúas linguas implica, en teoría, a contratación dunha cabina con dous intérpretes para cada unha das linguas oficiais. Non é este porén o caso na maior parte dos congresos internacionais, especialmente nos de o eido científico. A opción elixida é, na meirande parte dos casos, o uso do castelán, polo que sería preciso buscar os recursos necesarios para aplicar unha política de normalización lingüística a este respecto. Non obstante véñse observando unha tendencia á interpretación cara a ambas as dúas linguas oficiais nas reunións patrocinadas ou financiadas polas autoridades autonómicas.

No apartado que segue describimos os ámbitos laborais nos que se van integrando os licenciados en T/I. No primeiro dos mercados (o galego) detallaremos máis amplamente os distintos ámbitos laborais nese contorno; no resto dos casos só nos referiremos moi brevemente ás conferencias, dando por feito que todos os demais ámbitos existen aí igualmente.

4.1. O mercado galego da interpretación

Atópase en rápida expansión e precisa dun número suficiente de intérpretes cualificados para cubrir a súa demanda. Aínda así segue a ser un mercado relativamente pequeno.

Dez anos atrás cando se estableceu a Licenciatura en T/I na Universidade de Vigo, o número de profesionais cualificados en Galiza era moi limitado e había que recorrer sistematicamente a profesionais chegados de Madrid ou Barcelona. Naturalmente, a interpretación dende o galego e cara a esta lingua era inexistente. Hoxe en día esas necesidades cóbrense sen problemas polo menos nas combinacións lingüísticas máis frecuentes. Se ben non todos os profesionais no mercado proceden desta titulación, a súa presenza é dominante, tanto dende o punto de vista cuantitativo coma dende o cualitativo.

1. A interpretación de conferencias. Ao igual que noutras zonas, as principais cidades de Galiza están a experimentar un grande aumento na celebración de congresos, reunións internacionais, seminarios, etc., nos que se precisa de intérpretes cualificados. A

construción de pazos de congresos e salas de conferencias está nun momento de grande auxe. O feito de ter as infraestruturas pertinentes non fai senón retroalimentar o propio proceso de organización de actos.

Por outra parte, iniciativas institucionais concretas como o próximo establecemento da Axencia de Pesca da UE poden aumentar significativamente o número de reunións internacionais que se celebrarán en Vigo, numerosas xa de seu ao converterse esta cidade, grazas ao volume de capturas, na capital europea da pesca. As universidades galegas coas súas múltiples iniciativas culturais e científicas multiplican a celebración de reunións internacionais. Acontecementos como o Xacobeo contribúen aínda máis a aumentar a demanda de intérpretes.

2. A interpretación social, policial e para os servizos sanitarios. Coa chegada masiva de emigrantes estanse a abrir novos mercados para a interpretación, de enlace neste caso. Aínda que no caso de Galiza a meirande parte dos inmigrantes proveñen de América Latina e non precisan polo tanto de intérpretes, hai un número importante de chegados dos países de África Occidental que si precisan das axudas dos servizos sociais para comunicarse. Ata o momento as autoridades parecen reticentes a ofrecer este tipo de servizos máis, aparentemente, por puro descoñecemento do problema ou por limitacións orzamentarias que por falta de vontade real de pór en marcha os devanditos servizos. No Traballo de Fin de Carreira (TFC) realizado por Romero (2003) chégase á conclusión de que existe unha moi boa disposición por parte dos servizos sociais para pór en marcha servizos de interpretación pero –admiten– eles non tomarían a iniciativa, senón que esperan que outros o fagan e verían de bo grao unha iniciativa universitaria ao respecto. Tamén chama a atención que se ofrezan servizos de interpretación de carácter restritivo (Ventín 1998), é dicir, para defender a sociedade dos agresores externos (interpretación para a policía ou os tribunais) mentres que cando os servizos sociais serven ao inmigrante (hospitais u oficinas de emprego) non se lles presta ningún tipo de servizo excepto en casos moi concretos.
3. A interpretación para os medios. A TVG emite exclusivamente en galego e interpretáanse os discursos en linguas estranxeiras igualmente cara ao galego. Non obstante a demanda deste tipo de servizos é moi pequena quedando limitada a unhas cantas ocasións ao ano. Hai que destacar a escasa profesionalidade de boa parte das interpretacións ofrecidas por este medio, que nin certifica a preparación dos profesionais contratados (é evidente

que descoñecen os conceptos máis básicos do que debe ser unha interpretación de calidade), nin ofrece unhas condicións de traballo aceptables en canto ao contorno físico, son, etc. Ignoramos as razóns que moven a TVG a descoidar este importante aspecto e recomendamos que se tomen medidas serias ao respecto.

4. As empresas exportadoras. Xa son moitos os estudantes desta licenciatura empregados por empresas locais dedicadas á importación-exportación tanto do sector pesqueiro, coma do conxelado, o granito ou a automoción, principalmente. A estes demándanse-lles dotes de tradución escrita, pero tamén comunicación oral para as súas conversacións telefónicas ou as visitas de delegacións estranxeiras. Nun Traballo de Fin de Carreira realizado por Fernández Gradaille (2000) a porcentaxe máis elevada (20%) de estudantes de T/I inseridos no mercado pertencían a este grupo. A vertente de interpretación desta Facultade é realmente a que lles ofrece a oportunidade dunha mínima formación neste campo, mesmo para aqueles que non pretenden unha auténtica especialidade en interpretación.

4.2. O mercado de Portugal

Está moi preto e precisa de intérpretes cualificados con portugués como lingua de traballo activa. Ademais, posto que os estudos de T/I están escasamente implantados en Portugal (os poucos existentes son a maioría estudos de posgraos en universidades privadas) esta demanda podería cubrirse cos intérpretes galegos. A Licenciatura debería mirar moito máis cara ao Sur ao tempo que mira a Europa, xa que os requisitos en materias de novas linguas para a interpretación pasan polo dominio das novas linguas de traballo da UE. Desgraciadamente, algunhas das iniciativas máis recentes parecen ir nunha dirección totalmente oposta priorizando as tendencias homoxeneizantes sumamente discutibles por riba das cuestións estratéxicas que acabamos de sinalar.

4.3. O mercado estatal

Se ben as facultades de T/I se multiplicaron moi substancialmente en toda España nos últimos anos (pasaron de ser 3 diplomaturas a 17 licenciaturas, de non nos enganarmos nas contas), a Licenciatura en T/I da Universidade de Vigo é única en Galiza e a única do ámbito público do Norte de España que ofrece unha especialización completa en interpretación coa entrada en vigor do plano de estudos do ano 2001. Isto significa que podemos atraer (como xa vimos facendo) a estudantes das comunidades e países circundantes, só que agora tamén se engadirían estudantes que buscan esa especialidade e que no se poden permitir o custo económico dun máster. Esperemos que se saiba transmitir esta peculiaridade que nos distingue e que pode aumentar moito a demanda dos nosos servizos.

4.4. O mercado internacional de conferencias

Ademais destas oportunidades de carácter máis local, estanse a abrir outros novos nichos de mercado a outros niveis. Ata a actualidade o mercado internacional, fundamentalmente o da UE e a ONU estaba só entreaberto para os licenciados desta Universidade, dado que o nivel de especialización acadado aquí era escaso. Aínda así, varios dos nosos licenciados traballan para eses organismo e, nalgúns casos, tras pasar por un máster que suplise as eivas do antigo plano de estudos. Coa entrada en vigor do novo, estas eivas deberían eliminarse, o que levaría a unha integración moi superior a nivel internacional. Unha vez máis, pretendemos subliñar aquí as cuestións estratéxicas que xustifican un maior investimento de futuro na interpretación.

5. Conclusión

Tentamos ofrecer neste artigo unha panorámica moi xeral de dous grandes aspectos do mundo da interpretación. En primeiro lugar, unha descrición coidadosa das distintas técnicas de traballo con todas as súas características definitorias e, en segundo lugar, unha descrición xeral das oportunidades laborais para os estudantes que buscan especializarse en interpretación.

Esperamos que esta pequena disertación sirva para disipar moitas das dúbidas que seguen albergando os non iniciados nesta profesión, así como para xustificar a necesidade de que a Comunidade de Galiza conte cunha licenciatura en T/I capaz de cubrir as necesidades do seu propio mercado, ao tempo que contribúe, como xa o vén facendo nos últimos anos, a ocupar un pequeno espazo no panorama global da interpretación.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- BARSKY, R. F. 1996. "The Interpreter as Intercultural Agent in Convention Refugee Hearings". *The Translator* 2 (1). pp. 45-63.
- BENHAMIDA, L. 1988. "Proposed Code of Ethics for Interpreters in mental Assistance Center for Refugees and Others". *Refugee Mental Health: Interpreting in Refugee Mental Health Setting: Video Wordbook*. Minneapolis: University of Minnesota Refugee.
- BOWEN, D. & BOWEN, M. 1984. *Steps to Consecutive Interpretation*. Washington: Pnand Booth.
- CORSELLIS, A. 1988. "Community Interpreter Project". En NEEMAN, P. (ed) *XIth World Congress of FIT. Proceedings: Translation, our Future*. Maastricht: Euroterm.
- DAM, H. 1997. "Intercultural Noise and Cultural Mediation". En KONDO (mesa redonda), en GAMBIER, E., GILE, D. e TAYLOR, C. (eds). 1977. *Conference Interpreting: Current Trends in Research*. Amsterdam/Philadelphia: John Benjamins. pp. 158-160.
- FERNÁNDEZ GRADAILLE, M. J. 2000. *Traducción e interpretación en Vigo: Licenciatura y salidas profesionales*. Traballo de Fin de Carrera inédito. Departamento de Tradución e Lingüística: Universidade de Vigo.

- GENTILE, A., OZOLINS, U. e VASILAKAKOS, M. 1996. *Liaison Interpreting: A handbook*. Melbourne: Melbourne University Press.
- GONZÁLEZ DUEÑAS, R., VÁSQUEZ, V. e MIKKELSON, H. 1991. *The Fundamentals of Court Interpretation. Theory, Policy and Practice*. Durham, North Carolina: Carolina Academic Press.
- HALE, S. 1996. “‘You shall truly and faithfully interpret the evidence’-What does it mean to the interpreter?”. En *XIV World Congress of the Fédération Internationales des Traducteurs (FIT)* Vol. 2. February 1996. Melbourne, Australia: AUSIT. pp. 424-431.
- 1997. “The Treatment of Register Variation in Court Interpreting”. *The Translator*. Vol. 3(1). pp. 39-45
- HERBERT, J. 1952. *Manuel de l'Interprète*. Genève: Georg.
- KAKAKIOS, M. 1996. “Language for Health”. En *XIV World Congress of the Fédération Internationale des Traducteurs (FIT)* Vol. 1. February 1996. Melbourne, Australia: AUSIT. pp. 978-985.
- KIRCHHOFF, H. 1976. “Das dreigliedrige, zweisprachige Kommunikations-System Dolmetschen”. *Le langage et l'homme* 31. pp. 21-27.
- KO, L. 1996. “Business Settings”. En GENTILE et al. 1996. *Liaison Interpreting: A Handbook*. Melbourne: Melbourne University Press.
- KONDO, M. et al. 1997. “Intercultural Communication, Negotiation and Interpreting”. En GAMBIER, Y., GILE, D. e TAYLOR, C. (eds.). 1997. *Conference Interpreting: Current Trends in Research*. Amsterdam/Philadelphia: John Benjamins. pp. 149-166.
- KURZ, I. 1997. “Getting the message across – Simultaneous interpreting for the media”. En SNELL-HORNBY, M., JETTAROVÁ, Z. e KAINDL, K. (eds.) 1997. *Translation as Intercultural Communication. Selected Papers from the EST Congress. Prague 1995*. Amsterdam/Philadelphia: John Benjamins. pp. 195-205
- 2003. “Live TV Interpreting – A High-Wire Act?”. En COLLADOS, A. e SABIO, J.A. (eds). 2003. *Avances en la investigación sobre interpretación*. Granada: Comares. pp. 159-171.
- MARTINSEN, B. 1997. “Court Interpreting. Interlingual, intercultural and intersocial communication. Plans for a project”. En SNELLING (mesa redonda), en GAMBIER, Y., GILE, D. e TAYLOR, C. (eds.). 1997. *Conference Interpreting: Current Trends in Research*. Amsterdam/Philadelphia: John Benjamins. pp. 198-199.
- MIKKELSON, H. 1991. “Court Interpreting in California”. En GONZÁLEZ DUEÑAS et al. *The Fundamentals of Court Interpretation. Theory, Policy and Practice*. Durham, North Carolina: Carolina Academic Press.
- NIDA, E. 1993. “The sociolinguistics of Interpreting” *Sendebär* 4. p. 22.
- NISKA, H. 1995. “Just Interpreting: Role Conflicts and Discourse Types in Court Interpreting”. En MORRIS, M. (ed.). 1995. *American Translators Association*. Volume VIII. Amsterdam/Philadelphia: John Benjamins.

- NORD, C. 1991. *Text Analysis in Translation*. Amsterdam/Atlanta: Rodopi B.V.
- PÖCHHACKER, F. 2003. “Enfoque funcional de la interpretación simultánea”. En COLLADOS, A. e SABIO, J.A. (eds). 2003. *Avances na investigación sobre interpretación*. Granada: Comares. pp. 105-122.
- QUIAN, H. 1994: “Looking at Interpretation from a communicative Perspective” *Babel* 40: 4 214-221
- ROMERO, R. 2003. *A interpretación social en Vigo: hai vida aí fóra*. Tralaballo de Fin de Carreira inédito. Departamento de Tradución e Lingüística: Universidade de Vigo.
- SETTON, R. 1997. “What roles should interpreters play in intercultural communication”. En KONDO (mesa redonda), en GAMBIER, Y., GILE, D. & TAYLOR, C. (eds.). 1997. *Conference Interpreting: Current Trends in Research*. Amsterdam/ Philadelphia: John Benjamins. pp. 160-161.
- SHLESINGER, M. 1991. “Interpreter latitude vs. due process. Simultaneous and consecutive interpretation in multilingual trials”. En TIRKKONEN-CONDIT, S. (ed.). 1991. *Empirical Research in Translation and Intercultural Studies*. Tübingen: Narr. pp. 147-155.
- STROLZ, B. 1996. “Quality of media interpreting: A case study”. En SNELLING (mesa redonda), en GAMBIER, Y., GILE, D. e TAYLOR, C. (eds). 1997. *Conference Interpreting: Current Trends in Research*. Amsterdam/ Philadelphia: John Benjamins. pp. 194-198.
- THIÉRY, C. 1981. “L’enseignement de la prise de notes en consécutive, un faux problème”. *Cahiers de Traductologie* 4. pp. 404-417
- TOURY, G. 1995. *Descriptive Translation Studies and Beyond*. Amsterdam/Philadelphia: John Benjamins.
- VENTÍN, C. 1998. “A interpretación nos servizos públicos”. Tralaballo de Fin de Carreira inédito. Departamento de Tradución e Lingüística: Universidade de Vigo.
- WADENSJÖ, C. 1995. “Dialogue Interpreting and the Distribution of Responsibility”. *Hermes, Journal of Linguistics* 14. pp. 111-129.
- 1997. “The Right to Lie: On Interpreter-Mediated Police Interrogations”. En SNELLING (mesa redonda), en GAMBIER, Y., GILE, D. e TAYLOR, C. (eds.). 1997. *Conference Interpreting: Current Trends in Research*. Amsterdam/ Philadelphia: John Benjamins. pp. 202-205.
- ZAUBERGA, I. 1997. “Translation as intercultural communication - Contact as conflict” en SHÄFFNER, C. e B. ADAB (mesa redonda), en SNELL-HORNBY, M., JETTMAROVÁ, Z. e KAINDL, K. (eds.). 1997. Amsterdam/Philadelphia: John Benjamins. pp. 325-337.
- ZIMMAN, L. 1994. “Intervention as a pedagogical problem in community interpreting”. En DOLLERUP, C. e ANNETTE L. (eds.). 1994. *Teaching Translation and Interpreting 2 Insights, Aims, Visions*. pp. 217-224.